



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-AU / 2018

Expediente: 2018000005492

## RESOLUCIÓN Nº 30600 DO 13/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE AUDIOVISUAL

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.**

A Resolución de Presidencia nº 26681, do 07/08/2018, aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de audiovisual, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido ás persoas interesadas pola resolución devandita e visto que non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

### RESOLVO:

**1.- Conceder definitivamente** as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican.

**2.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180013519, por importe total de 18.000 €.

**3.- Publicar** a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT PÉREZ	9.000,00€
Expediente	2018000026084	
Obxecto	Programa de postgrado de creación fílmica na Elias Querejeta Zine Eskola, en Donosti	

Persoa beneficiaria	CRISTINA BODELÓN MACEIRAS		
			9.000,00€
Expediente	2018000029045		
Obxecto	Master de dirección de cine na Escola ESCAC, en Barcelona		
		Total concedido	18.000,00 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.